

17

ENCUENTRO UNIVERSITARIO DE

21-22 MARZO
20:30 HORAS
VELLO
CARCERE

2019

DA USC



Mostra fotográfica

«20 anos non son nada»

Fotografías de *Chus Varela*

Este proxecto nace no ano 2016 cando coñecín ao director do Espazo de Danza Juan Carlos Zahera, este viu o meu traballo de fotografía de danza e díxome: "Ti non fas isto para pasar o tempo, ti tes que sacalo de dentro". E atinou, para min a fotografía é unha necesidade, non é unha opción.

Foi así como me vin inmersa nunha viaxe que, ao longo destes tres anos, me levou a saír da miña zona de confort, a pensar ao grande, a deixarme levar pola creatividade de Juan Carlos e, baixo a súa Dirección artística, plasmar as súas ideas nunha foto, aínda que ás veces me parecen irrealizables ou mesmo una tolemia.

A idea do proxecto era que non se tratase de fotografías meramente testemuñais, senón que ademais de visualizar o traballo do Espazo de Danza, as fotos tivesen un valor artístico en si mesmas.

Neste tempo traballamos con materiais tan dispares como terra, auga, plástico, fariña e lume, cambiamos o estudio por escenarios naturais coma As Médulas ou exteriores, corredores e edificios da USC coma a Igrexa ou distintas facultades. Coñecín a coreógrafos, mestras e bailaríns cun increíble talento e paixón e crecín como fotógrafa e como persoa.

Espero que esta exposición, homenaxe a estes 20 anos de andanza do Espazo de Danza faga xustiza a tanto esforzo e traballo de todos os seus membros. Non están todos os que son, pero son todos os que están.

Chus Varela

Bailaríns e coreógrafos:

Vicente Ávila, Alba Barral, Sara Domingo, Daniel Lezso, Beatriz Moraes, Amparo Novas, Giovanni Peixoto, María J. Pérez, Xiana Vilas e Juan Carlos Zahera

Impresión e montaxe: Gráficas Bao

Produción: Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos

Compañía Independente USC- Schattenidentitäten

Dirección artística: Robin King

All the world's a stage

Escribiu Shakespeare que hai sete etapas na vida (As you like it), aínda que non sempre ese camiño transcorre do xeito que él puido prever.

Duración: 20 minutos

Coreografía:

Sina Menrad e Jose Vera

Bailarín:

Sina Menrad e Jose Vera

Música:

Mercedes Sosa, Ludovico Einaudi, Florence + the Machine, String Puppies.

Vestuario:

Schattenidentitäten

Produción:

Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social

Compañía de Danza da USC-Lugo

Dirección artística: Juan Carlos Zahera

Permeables

De fóra a dentro e de dentro a fóra. Todo o que nos traspasa dende a pel hasta as nosas emocións. Dende os sentidos ..vista, oído, tacto... ata a enerxía que recibimos e compartimos nos leva a dar pasos diferentes no noso camiño.

Duración: 20 minutos

Coreografía:

Rosa Acuña

Bailaríns:

Clara Bugallo, Sonia L. Pumarega, Andrea Naveira e Álvaro Rodríguez

Música:

Collaxe musical

Vestuario:

Colectivo EDU

Produción:

Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos

Compañía de Danza "Sen vergoña" da USC

Dirección artística: Juan Carlos Zahera

RESILIENCIA

Do ingl. resilience, e este der. do lat. resiliens, -entis, part. pres. act. de resil re 'saltar cara a atrás, rebotar', 'repregarse'.

1. f. Capacidade de adaptación dun ser vivo fronte a un axente perturbador ou un estado ou situación adversos.

2. f. Capacidade dun material, mecanismo ou sistema para recuperar o seu estado inicial cando cesou a perturbación á que estivera sometido.

Duración: 15 minutos

Coreografía:

Rosa Acuña

Bailaríns:

Dolores Besteiro, Adela Ferrándiz, Minda Méndez, Sabela Rodríguez, Pilar Saavedra, Luz Santoalla e Xosé Valcárcel.

Música:

Collaxe musical.

Vestuario:

Colectivo EDU

Produción:

Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos

Compañía de danza USCompostela

Dirección artística: Juan Carlos Zahera

O solsticio de Piazzola

Nesta peza mudámonos a Bos Aires para bailar o solsticio de verán a ritmo de Piazzola. Na Arxentina a auga xira ao revés e os paraugas sácanse no verán. Bailamos coa chuvia, e coas persoas. Deixamos que entre o aroma arxentino de tango pola fiestra do verán.

Duración: 20 minutos

Coreografía:

Xiana Vilas

Mestres de tango:

Óscar Cobos e Antía Barcia

Bailaríns:

Lupe Carballo, Sina Menrad, Icíá Rodríguez, Loaira Sánchez e José Vera

Música:

Piazzola, C. Morera e Balmorhea

Vestuario:

Colectivo EDU

Produción:

Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos

Aula DANZA NORMAL

Dirección artística: Rut Balbís

ACCIÓN

Normalmente unha acción implica movemento ou un cambio de estado ou situación, un punto de partida perfecto para os nosos corpos. Despois, as accións poden transformarse nas imaxes, nas historias, nos lugares que queiramos soñar.

A peza deste ano constrúese viaxando a través destas accións cotiás que collerán un rumbo especial a través da mirada de cada unha.

Bailaríns:

Eva Fórneas, Cristina Romero, Beatriz Saavedra, Elías Álvarez e Camila Ferreyra

21/3

Compañía Independente USC-Schattenidentitäten
Aula DANZA NORMAL - Universidade da Coruña
Compañía de Danza da USC-Lugo

22/3

Compañía de Danza "Sen vergoña" da USC
Compañía de Danza USCompostela
Compañía de Danza da USC-Lugo